

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 7 DE MARZO DE 2005

### 2.- Solicitudes de licencias de obras

Favorables.-

376/04.- Berciana de Petroleos, S.L.- Obra e Apertura (LAP/38/04) de gasoleneira con venda de combustible, artigos na tenda e lavado de vehículos en Labacolla.-

160/05.- Unión Hotelera Gallega, S.A.- Edificio de 118 viv.no quintero R4-SUP-3.1

### 7.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Acórdase a aprobación definitiva de unha subvención para á rehabilitación de vivendas do casco histórico (Consortio) que de seguido se detalla polo importe de 3.300,28 euros.

<i>Solicitante</i>	<i>Enderezo</i>	<i>Subvención</i>
José Luis Bernández Jorge	R/ Travesa, 20-1º	3.300,28

Acórdase a aprobación definitiva de unha subvención para á rehabilitación de locais do casco histórico (Consortio) que de seguido se detalla polo importe de 6.431,67 euros.

<i>Solicitante</i>	<i>Enderezo</i>	<i>Subvención</i>
Francisco Blanco Pais	Ruela de Entrerrúas, 2	6.431,67

### 11.- Proposta da Concelleira Delegada de Réxime Interior relativa á improcedencia do abono da factura presentada por HERCULES SALUD.

Acórdase a improcedencia de aboar a factura presentada pola referida entidade, a que o contrato finalizou o pasado 31 de decembro de 2004.

### 12.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á adopción de acordos relativos ao expediente de Nova Impulsión desde a ETAP do Tambre ao Depósito do Polígono.

Apróbase o proxecto e acórdase:

-Solicitar á Presidencia do Organismo Autónomo Augas de Galicia o financiamento do 50% do custo das obras.

-Entregar os terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como todas as autorizacións administrativas necesarias para a súa realización.

-Renunciar expresamente á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

-Expoñer ao público o proxecto durante 20 días hábiles.

-Asumir a explotación, mantemento e conservación das obras, e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da execución.

-Actualizar as tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada ao custo das obras que se realizan, e a súa explotación e amortización.

-Achegar ao principio de cada anualidade o importe do 50% do orzamento das obras, coas seguintes anualidades:

Ano 2005: 269.515,62

Ano 2006: 269.515,62

-Facultar ao Alcalde para solicitar o financiamento do 50% do orzamento das obras.

**13.- Adxudicación das obras de reurbanización das dúas mazás de Frei Rosendo Salvador comprendidas entre o cruce con Ramón Cabanillas e o cruce coa Avda. Romero Donallo.**

Adxudícase a licitación de referencia á empresa EXTRACO, S.A. por importe de 595.803 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de 16 semanas.

**14.- Adxudicación das obras de reurbanización da mazá da rúa República do Salvador, comprendida entre Alfredo Brañas e Xeneral Pardiñas.**

Adxudícase a licitación de referencia á empresa EXTRACO S.A., por importe de 516.732 euros (IVE incluído) e un prazo de execución de 16 semanas.

**15.- Proposta da Concelleira Delegada de Medio Ambiente relativa á aprobación dos criterios de aplicación dos beneficios fiscais para o ano 2005 previstos na ordenanza fiscal nº 16.**

Apróbanse os criterios de aplicación dos beneficios fiscais para o 2005 previstos na ordenanza fiscal nº 16, taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos.

**16.- Denuncia do contrato de aluguer de local sociocultural da Rocha.**

Acordase a rescisión de dito contrato por mor da apertura do novo local cedido pola Deputación da Coruña, en convenio asinado recentemente co Concello de Santiago de Compostela.

**18.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación dos criterios de admisión para os novos servizos da Escola infantil municipal de Conxo.**

Apróbanse os devanditos criterios de admisión para os novos servizos da Escola Infantil municipal de Conxo.

**20.- Proposta do Concelleiro Delegado de Reforma Administrativa relativa á creación de diversos ficheiros que conteñen datos de carácter persoal, así como a tramitación para o seu rexistro segundo a lexislación de protección de datos.**

Acórdase a creación dos devanditos ficheiros, así como a correspondente tramitación para o seu rexistro segundo establece a lexislación en materia de protección de datos.